


A Fala

Unha carpinteira traballa coa madeira, un ferreiro co ferro, unha pintora coas cores, un escritor... con que traballa un escritor? Coa linguaxe, coas palabras da súa lingua. Por tanto para el o idioma co que fala e escribe é moi importante.

A lingua galega é a lingua das galegas e galegos, tamén a de Manuel María. Este poema que che presentamos a continuación pertence ao libro de MANUEL MARÍA *As rúas do vento ceibe*, e nel dinos o que é para el o idioma.



A FALA

*O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo
o salouco máis feble
o pensar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o marmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ningún!*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!*

1 Completa ti, con palabras do poema ou inventadas por ti:

O idioma é _____

O idioma é _____

O idioma _____

O idioma _____

2 Cal pensas ti que era a intención de MANUEL MARÍA ao escribir este poema?

3 Repara nos dous últimos versos:

*¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!*

Intentade explicar entre toda a clase o significado destes dous versos, cada un de vós pode apuntar unha idea!

Unidade 4

4 Es quen de memorizar as catro estrofas do poema? Despois pódelas recitar onde ti queiras.

5 Esta actividade é para pensar e falar: imaxina unha mensaxe para deixar no teu contestador automático para animar a quen te chame a que che conteste en galego. Coas propostas de cada un podedes até facer un concurso!

6 As xentes de Galiza temos un idioma moi rico e abondoso. Cómpre animar a toda a xente a usalo! Ti sabes para que serve a publicidade? Imos deseñar unha campaña en grupo.

Esta campaña que ides deseñar é para animar aos rapaces e rapazas, aos mozos e mozas a falar galego. Deberá levar texto e debuxo. Para axudarche mostrámosche materiais de campañas para animar a falar galego.

